

# EDUCACIÓN EMOCIONAL E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE COMO ESTRATEGIAS DE CALIDADE

“PROXECTO DE AUTOAVALIACIÓN E MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA”

C.E.P. PILAR MAESTÚ SIERRA

CURSO 2009-2010

## 1.- TÍTULO DO PROXECTO:

**“EDUCACIÓN EMOCIONAL E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE COMO  
ESTRATEGIAS DE CALIDADE”**

## 2.- RESUMO DO PROXECTO E XUSTIFICACIÓN EN RELACIÓN COA AVALIACIÓN INTERNA.

Tal e como sinalábamnos na xustificación do proceso de avaliación interna, son necesarias reformas nos prantexamentos educativos no noso centro que dean resposta ás novas demandas pedagóxicas que xorden de cambios lexislativos e sociais.

Partimos da concepción de que a calidade e a equidade son obxectivos fundamentais e prioritarios en toda actuación educativa. A atención á diversidade constitúe o mellor indicador da posta en marcha de ambos principios. Deste xeito na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de educación, así se contempla e se inclúen como uns dos principios básicos o de proporcionar a calidade da educación a todo o alumnado independentemente das súas condicións e circunstancias, e a equidade que garanta a igualdade de oportunidades.

**“No noso centro traballamos para que as nenas e os nenos aprendan a Coñecer e a Saber, pero tamén para que aprendan a Ser eles mesm@s e a Convivir cos demais”.** Este é o eixo sobre o que se asenta a filosofía educativa da nosa escola, polo que para dar resposta a todas estas necesidades e demandas é necesaria unha avaliación rigorosa daqueles aspectos que inflúen directamente na mellora da calidade, e que referimos anteriormente, así como a posta en marcha de medidas que as canalicen e que dean resposta aos cambios e as novas realidades educativas e sociais nas que nos desenvolvemos.

O noso PROXECTO PARA A MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA, segue dúas liñas prioritarias de acción, valoradas como

importantes e necesarias pola totalidade do Claustro escolar, e reflectidas nos inquéritos realizados, que serían as seguintes:

-A Educación emocional e resolución pacífica de conflitos, a través de actividades que se desenvolverán nas sesións de tutoría así como da súa integración no currículo (actitudes e valores) e de reajustes metodolóxicos ou de actuación por parte dos profesionais da educación.

-Reorganización e establecemento de medidas de atención á diversidade para dar unha resposta axeitada ás diferenzas individuais así como ás principais dificultades de aprendizaxe existentes no noso alumnado.

Compre lembrar tamén que a LOE no seu preámbulo dí: “ A axeitada resposta educativa a tod@s @s alumn@s concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente deste modo se garante o desenvolvemento de tod@s, favorécese a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue a todas as etapas educativas e a tod@s @s alumn@s. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos”.

É necesario comprender que todas as persoas son diversas e que só na medida en que a intervención educativa se adecúe ás peculiaridades individuais de cada unha delas, o seu proceso educativo resultará satisfactorio. É obxectivo da educación conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas **capacidades individuais e sociais; intelectuais, culturais e emocionais** para o que necesitan recibir unha educación adaptada ás súas necesidades. É preciso garantir unha igualdade efectiva de oportunidades, ofrecendo os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros nos que se escolariza. En definitiva,

o obxectivo é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, conciliando a calidade da educación coa equidade.

Concíbese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Este conxunto de medidas e accións implicarán a toda a comunidade educativa, converténdose nun dos eixos vertebradores da práctica docente, o que implica realizar propostas curriculares e/ou organizativas que contemplan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Como centro educativo deberemos dar unha resposta adaptada, potenciadora e compensadora das diferenzas individuais de todo o alumnado no marco normalizado do propio centro e da comunidade educativa a partir do principio básico do respecto ás diferenzas e a súa consideración como un elemento enriquecedor para a sociedade. A atención integral ao alumnado iniciárase dende o mesmo momento en que sexan detectadas as necesidades e rexeráse polos principios de normalización e inclusión

Deste xeito, se de verdade queremos unha ensinanza de calidade é necesario o cumprimento dun dos seus principios básicos, definido en accións concretas que se reflectirán nun **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**, artellándose así as medidas necesarias e suficientes para dar a resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo que existen no noso centro educativo, así como ás diferenzas individuais que xeran dificultades de aprendizaxe de carácter xeral.

A outra liña prioritaria de actuación basease na educación das emocións e dos afectos, e na integración de valores no currículo que contribúan a mellora da convivencia e a formación sólida de persoas, á formación dunha personalidade axeitada, porque se pretendemos que @s nen@s sexan capaces de participar activamente na sociedade na que viven, se

queremos que sexan quen de opinar, de asumir responsabilidades, de resolver conflitos, de mediar entre compañeir@s diante dun conflito, isto é contribuír á súa formación integral como seres humanos críticos e autónomos ante as diferentes situacións que a vida lles presenta, entón consideramos que só podemos darlle resposta a este ámbito de desenvolvemento tan importante e no que atopamos “déficits” dende unha EDUCACIÓN EMOCIONAL, EDUCACIÓN EN VALORES E DE RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS.

A educación emocional xunto coa educación en valores, ensinar a pensar e máis as habilidades sociais constitúen os catro movementos que marcan a pautas da renovación pedagóxica<sup>1</sup>. Do mesmo xeito o noso reto está en integrar todos estes movementos no noso proxecto educativo onde as habilidades procedimentais (perceptivas, cognitivas, emocionais e sociais), poidan exercitarse en contextos significativos e valiosos para acadar competencias de realización persoal, integración social e cidadanía activa que se procuran.

O traballo da educación emocional basearase fundamentalmente na necesidade de coñecer aos nen@s e tamén na necesidade de contribuír á cohesión do grupo.

Definimos en primeiro lugar o concepto de *Intelixencia Emocional*, tal e como foi definido por **Peter Salovey e John Mayer** como “unha forma de intelixencia social que implica a habilidade para dirixir os propios sentimentos e emocións e os dos demais, saber discriminar entre eles, e usar esta información para guiar o pensamento e a propia acción” .

Por outra banda **Goleman** define a Intelixencia emocional como “un conxunto de destrezas, actitudes, habilidades e competencias que determinan a conduta dun individuo, as súas reaccións, estados mentais, etc...”-

---

<sup>1</sup> “Medrando sans: de emoción en emoción, de sentimento en sentimento”- Carmen Loureiro.

capacidade para recoñecer os nosos sentimentos e os dos demais, de motivarnos e de manexar adecuadamente as relacións”.

As liñas de actuación expostas e máis a base teórica reflectida neste apartado sustentan o noso PROXECTO DE MELLORA DA CALIDADE e explican do mesmo xeito o seu título.

### 3.- OBXECTIVOS:

☺ Guiar a concreción de criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade dentro da aula ou fóra dela, coa acción coordinada de orientación, acción titorial, titor@s, profesorado de área e profesorado de apoio (P.T. e A.L.).

☺ Prever unha planificación que permita introducir cambios ante as novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan ao reaxuste de intervencións tanto do profesorado ordinario como especialistas.

☺ Organizar e coordinar todos os recursos persoais e materiais do centro para dar unha resposta axeitada á diversidade.

☺ Diseñar e desenvolver programas de intervención grupal que incidan na mellora das dificultades de aprendizaxe detectadas: comprensión lectora, razoamento lóxico-matemático e técnicas de estudo.

☺ Favorecer a autonomía persoal d@ nen@ aumentando a súa autoestima e a adquisición dun axeitado autoconcepto de sí mesmo.

☺ Mellorar a intelixencia interpersonal d@s nen@s, fomentando o dominio das habilidades sociais básicas, respecto aos demais, a comunicación receptiva e expresiva e a capacidade para compartir emocións.

☺ Tomar conciencia das principais emocións e sentimentos e tamén das dos demais, potenciando actitudes de tolerancia e respecto.

☺ Contribuír ao desenvolvemento da empatía como valor necesario para a sólida formación como persoas, nun proceso que vai dende o egoísmo e a individualidade cara logros colectivos mediante a suma de valores (ilusión, colaboración, esforzo, responsabilidade, solidariedade, ...), que dan lugar ao progreso mediante o traballo en equipo.

☺ Adquirir habilidades para afrontar situacións de conflito que axuden a previr e superar determinadas situacións de crise.

☺ Manter o clima de seguridade, respecto e confianza que existe no centro, aprendendo a diferenciar ambientes seguros dos que non o son, impulsando relacións fluídas e respectuosas entre os diferentes sectores da Comunidade Educativa.

☺ Fomentar a reflexión e o diálogo como factor favorecedor da PREVENCIÓN e RESOLUCIÓN de conflitos en todas as actuacións educativas, dende a participación democrática.

☺ Incidir na Educación en Valores para a Paz, e a Educación Cívica e Moral (Autoestima, Solidariedade, Tolerancia, Cooperación...)

☺ Coñecer e aplicar as estratexias de resolución pacífica de conflitos.

#### 4.- ACTIVIDADES:

Para desenvolver as liñas prioritarias de actuación nas que se centra este proxecto de mellora reflectiremos aquí unha exemplificación da tipoloxía de actividades a desenvolver a través dun cadro no que se recollerán quen son @s responsables desa actividade, que recursos son necesarios para o desenvolvemento da mesma e cando se vai a realizar.

As actividades propostas centraranse en varios aspectos tendo en conta como dicíamos anteriormente as liñas de acción propostas.

#### 4.1.- Actividades relacionadas coa ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A) Posta en práctica de medidas de atención á diversidade concretadas no Plan de Atención á diversidade, así como ao establecemento daquelas que serán recollidas no Plan de Orientación elaborado polo Departamento de Orientación.

B) Actividades centradas no establecemento de medidas de atención á diversidade de carácter grupal a través dos seguintes programas de intervención: Comprensión lectora, resolución de problemas e técnicas de estudo.

C) Actividades referidas á diagnose no ámbito da Orientación, sendo a avaliación das necesidades d@s nen@s non só unha avaliación cognitiva senón tamén emocional. Empregarase fundamentalmente a batería DN-CAS.

D) Actividades referidas á intervención dende as especialidades de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe non só de reforzo ou recuperación de aprendizaxes básicas ligadas a déficits cognitivos, senón tamén unha intervención propiamente emocional para aquelas dificultades cuxa orixe se sitúa neste ámbito.

#### 4.2.- Actividades relacionadas coa Educación emocional, educación en valores e resolución pacífica de conflitos:

##### 4.2.1.- Actividades de educación emocional:

- A) **CONCIENCIA EMOCIONAL:**
  - vocabulario emocional
  - identificación de emocións e sentimentos
  - recoñecemento das emocións e sentimentos propios e d@s demais
  - toma de conciencia do propio estado emocional
  -

- **B) REGULACIÓN EMOCIONAL:**
  - estratexias de regulación emocional: diálogo interno, estruturación, asertividade...
  - regulación de sentimentos e impulsos
  - tolerancia á frustración
  
- **C) AXEITADA VALORACIÓN DUN MESMO:**
  - noción de identidade e coñecemento dun mesmo
  - manifestación de sentimentos positivos cara un mesmo e confianza nas propias posibilidades.
  - valoración positiva das propias capacidades e limitacións
  - estilos de conduta e autoestima
  
- **D) HABILIDADES SOCIO-EMOCIONAIS:**
  - habilidades de relación interpersoal: expresividade, comunicación, cooperación e colaboración social
  - a empatía
  - relacións positivas cos demais
  - estratexias de resolución de conflitos
  - establecemento das relacións de grupo.
  
- **E) HABILIDADES DA VIDA.**
  - escoita de forma activa
  - desenvolvemento persoal e social
  - actitude positiva ante a vida
  - sentido do humor
  - percepción positiva e disfrute do benestar.

#### 4.2.2.- Actividades de educación en valores:

Empregando o cine como recurso didáctico, traballaremos valores tales como os que deseguido se citan:

- |  |                     |
|--|---------------------|
| ☺ Esforzo                              | ☺ Responsabilidade. |
| ☺ Respecto aos demais e pola natureza. | ☺ Axuda mutua.      |
| ☺ Amizade.                             | ☺ Xenerosidade.     |
| ☺ Cooperación e colaboración.          | ☺ Tolerancia        |
| ☺ Liberdade.                           | ☺ Amabilidade       |
|  | ☺ Solidariedade     |
|  | ☺ Compañeirismo     |

#### 4.3.3.- Actividades para a resolución pacífica de conflitos:

A) Actividades de comprensión dun conflito: explicación e escoita activa dos mesmos, aceptar as diferentes formas de interpretar a realidade, e valorar as diferentes opcións para chegar a un consenso.

B) Actividades de expresión de emocións e sentimentos: aprendendo a valorar os sentimentos doutras persoas, aprendendo a valorarse a si mesm@, decatándose da importancia de ser valorad@ positivamente..

C) Actividades para desenvolver habilidades de pensamento: distinguir os puntos de vista propios dos puntos de vista alleos, construír acordos mediante a participación de todo o grupo, chegar a consensos en relación cun tema no que existen diferentes posicionamentos.

D) Actividades para fomentar a convivencia pacífica: valorar a amizade e a importancia de coidar as relacións, comprender as posibles inxustizas que xera a discriminación, darse conta da influencia negativa do espírito competitivo orientado a gañar ou perder.

	ACTIVIDADES	RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	- Revisión do Plan de Atención á Diversidade	Plan de Atención á diversidade	Dirección Xefatura de estudos Orientación Claustro Escolar	1º Trimestre
	- Establecemento de medidas de atención á diversidade a nivel de centro, a nivel de aula e a nivel individual	Plan de Atención á diversidade e Lexislación vixente		
	- Elaboración de Criterios de actuación ante unha medida de Reforzo Educativo (apoios dentro e fóra da aula)			
	- Establecemento de medidas de carácter preventivo e de intervención dende unha perspectiva cognitivo-emocional.	Lexislación, Plan de Atención á diversidade, Teorías actuais como a Teoría PASS		
	- Deseño dun Programa de Comprensión Lectora	Outros Programas de Comprensión Lectora, Lecturas de interese para @s nen@s	Orientación Claustro Escolar	1º Trimestre
	- Implementación dun Programa de Comprensión Lectora	Fichas de comprensión lectora, textos da Biblioteca, Libros de Lectura Eficaz	Profesorado Responsable do traballo de Comprensión lectora na área de Lingua galega e Literatura	1º-2º- e 3º Trimestre
	- Deseño dun programa de Razoamento lóxico-matemático	Material do D.O, libros de consulta e materiais didácticos de traballo de problemas ( "Pues Claro")	Profesorado área de Matemáticas , colaboración Orientación	1º Trimestre
- Implementación dun programa de Razoamento lóxico-matemático.	Fichas de resolución de problemas e de habilidades básicas de razoamento matemático.	Profesorado área de Matemáticas	1º-2º- e 3º Trimestre	

	- Deseño e implementación dun programa de Técnicas de estudo.		Orientación	1º Trimestre
	- Realización de diagnósticos psicopedagóxicos no campo da Orientación dende a perspectiva cognitiva e emocional	Teoría PASS e Bateria DN-CAS		1º-2º-3º Trimestre
	- Deseño e implementación de Propostas de intervención centradas nos ámbitos cognitivo e emocional.	Emprego do PPIC para a intervención cognitiva e emprego de metáforas , técnicas de comunicación indirecta, reforzo positivo para a intervención emocional.	Orientación e máis especialistas de PT e AL	1º-2º-3º Trimestre
EDUCACIÓN EMOCIONAL	- Actividades de axeitada valoración dun mesmo - Así son eu!!! - A miña ficha persoal. - Como son de...!!! - O que podo ver de min!!! - Érase unha vez...!!! - Eu non fun señor fiscal!!! - Xogo detective!!!!	Fichas de elaboración por parte do Departamento de Orientación incluídas dentro do PAT	Orientación titor@s	1º Trimestre
	- Actividades de identificación de emocións e sentimentos - Identificamos emocións e sentimentos - Que emoción ou sentimento representan estas Caras - Como me sinto cando??? - Facemos o que sentimos...			2º trimestre

	- Xogos cooperativos que axuden a mellorar as habilidades emocionais de identificación e valoración de emocións e sentimentos propios e alleos	Libros de Xogos cooperativos	Orientación e Tutorías	1º e 2º trimestre
	- Elaboración do noso mapa emocional en diferentes contextos e situacións	Mapas emocionais	Orientación e Tutorías	3º trimestre
<b>Actividades para traballar os valores empregando como recurso didáctico o CINE</b>				
<b>EDUCACIÓN EN VALORES</b>	Amizade, conciencia do ben e do mal...	Película: "O touro Ferdinando" Libro de contos Ficha de traballo	Orientación Dentro do PAT titor@s	1º trimestre
	Solidariedade, xustiza, respecto polas diferenzas	Película: "O chepudo de Notre Dame" Ficha de traballo		2º trimestre
	Compañeirismo, solidariedade, xenerosidade	Película: "Jack, o rei do Amazonas" Ficha de traballo		3º trimestre
	Son só unha exemplificación do traballo de valores por trimestres, facéndose unha secuenciación e programación posterior por ciclos.			

RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	Utilización da técnica do semáforo para regular e modificar os conflitos que poidan xurdir	Ficha da Técnica semáforo	Profesorado en xeral	Todos os trimestres
	Emprego do traballo participativo na aula como vía de solución dos problemas, chegando a consensos nas decisións adoptadas		Profesorado en xeral	Todos os trimestres
	Actividades específicas de casos nos que se presentan conflitos externos, establecendo causas, consecuencias das actuacións e posibles solucións diferentes a ese conflito plantexado	Fichas de actividades Casos reais de aula	Profesorado en Xeral Orientación	Todos os trimestres
	Actividades para o establecemento de normas na aula		Titor@s	1º trimestre
	Actividades de análise das relacións sociais da aula	Sociograma	Titor@s	1º trimestre
	Actividades de xogos cooperativos e colaborativos	Xogos de cohesión grupala	Titor@s	Todos os trimestres.

Todas as actividades que se presentan nos cadros anteriores son exemplificacións da tipoloxía de actividades que se realizarán, non pretendendo ser a planificación detallada de todas e cada unha das actividades que imos realizar

### 5.- NECESIDADES FORMATIVAS E ORZAMENTARIAS:

Tendo en conta que o tema da Educación Emocional, cerne do noso proxecto, é novedoso e abondo descoñecido para unha grande parte do profesorado, entendemos como fundamental unha boa formación teórica mediante persoas de recoñecido prestixio neste eido e, polo mesmo, tentaremos contar coa participación de auténticos especialistas na materia que possibiliten construír unha axeitada base formativa para a posterior elaboración dos materiais precisos. Atendendo a isto, a nosa proposta de necesidades formativas e orzamentarias sería a seguinte.

#### 1.- Formación.

Propoñémosos contar con tres relator@s, que serían @s seguintes: Carme Timoneda, Carmen Loureiro e Manuel Dios e sen que neste momento podamos concretar a duración das sesións, pero que ben poderían ser dúas de tres horas por cada poñente. Neste epígrafe inclúense tamén os gastos de desprazamentos

1.600 €

#### 2.- Fondos documentais (bibliografía e outra documentación precisa como películas, xogos, etc....)

1.400 €

#### 3.- Material non inventariábel e funxíbel

1.000 €

TOTAL: 4.000 €

### 6.- CRITERIOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN:

Para a realización do seguimento deste plan de mellora da calidade educativa do noso centro faise necesario establecer reunións de coordinación que permitan avaliar a adecuación e funcionalidade das tarefas presentadas, así como a reformulación dos prantexamentos se estes non fosen axeitados e non permitisen acadar os obxectivos propostos para a mellora da calidade educativa o noso centro.

Salientar que temos decidido facer a avaliación non só dos resultados obtidos senón do proceso que levamos a cabo para o desenvolvemento do proxecto elaborado:

**6.1.- Avaliamos o proceso tendo en conta os seguintes aspectos:**

- 📖 Desenvolvemento de acordo coa planificación.
- 📖 Grao de asistencia ás reunións previstas
- 📖 Grao de implicación diaria no desenvolvemento do proxecto.

**6.2.- Avaliamos os resultados obtidos tendo en conta os seguintes aspectos:**

- 📖 Nivel de participación
- 📖 Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- 📖 Grao de validez dos documentos elaborados para a súa implantación na práctica docente.

**7.- RELACIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES E COORDINADORA:**

Nº	Apelidos e nome	NIF	Correo electrónico
1	Xosé Carlos Mosteiro Fraga	35254205N	jmosteiro@edu.xunta.es
2	Felix Pimentel Tubío	78780371N	pimentel@edu.xunta.es
3	María Mariño Durán	76779112Y	mariaduran@edu.xunta.es
4	Esther Dourado González	33250256F	edourado@edu.xunta.es
5	Teresa Villalba Torres	17862783V	TERESA VILLALBA@edu.xunta.es
6	Elena Peteiro Cancelo	78786953Q	elenapeteiro@edu.xunta.es
7	Vicente Vázquez Arias	32401481R	vazquezarias@edu.xunta.es
8	Silvia Folgueira Puente (Coordinadora)	33348168P	silviafolgueira@edu.xunta.es

No grupo de traballo poderían incorporarse as tres persoas que pasarán a formar parte do Claustro a partir do mes de setembro.